



**A Coruña**

**Jóvenes Empresarios**

**XI PREMIO AMJE EMPRENDE**

Parque San Diego s/n. Centro Cívico Municipal, 3ª planta  
A Coruña 15006  
Tel.: 981 915 635 Fax: 981 915 716  
[ajemarineda@ajemarineda.com](mailto:ajemarineda@ajemarineda.com)  
[www.ajecoruna.com](http://www.ajecoruna.com)

## **OBXECTIVOS E FILOSOFÍA DOS PREMIOS**

AJE A Coruña, desde a súa fundación, ten como obxectivo o fomento das vocacións empresariais e a difusión da cultura emprendedora entre os mozos.

Por iso, e nese labor de achegamento do mundo empresarial aos mozos emprendedores, AJE A Coruña quere recoñecer o labor daqueles que deixaron ao carón temores e dificultades para crear unha empresa que xera riqueza e emprego na nosa provincia.

O camiño que percorre un mozo, xa sexa na nosa provincia, xa sexa na nosa Comunidade Autónoma, desde que acariña a idea de emprender o seu proxecto ata que o ve materializado e convertido nunha realidade palpable, non está exento de dificultades e sacrificios.

AJE A Coruña con esta nova edición do PREMIO AMJE EMPRENDE 2010 quere recompensar ese espírito de loita que move estes mozos a superar todos os obstáculos e a utilizar a súa imaxinación, os seus recursos e a súa enerxía en crear unha empresa da que toda a sociedade se beneficie.

Estes premios queren servir, ademais, para reclamar en voz alta o apoio de todos ao colectivo de emprendedores e novos empresarios como protagonista do presente e do futuro de Galicia.

## **LUGAR DE CELEBRACIÓN**

O acto celebrarase no Salón de Plenos do Concello da Coruña. Unha vez finalizado servirase un viño español aos asistentes.

## **DATA**

O acto de entrega dos premios terá lugar o día **2 de decembro de 2010** ás 20:30 horas.

## **PREMIOS**

A XI Edición do Premio AMJE EMPRENDE 2010 comprende dúas categorías e 3 accésit:

- **Premio Novo Empresario 2010**
- **Premio AJE Junior 2010**

- **Accésit á innovación**
- **Accésit á creación de emprego**
- **Accésit á internacionalización**

## **BASES DA XI EDICIÓN PREMIO AMJE EMPRENDE 2010**

### **PRIMEIRA: Requisitos de participación**

O capital social das empresas candidatas deberá estar participado nun 25% como mínimo por persoas físicas menores de 41 anos e que reúnan os seguintes requisitos:

- **Premio Novo Empresario 2010:** emprendedor que constituía unha empresa, en calquera das súas formas xurídicas, cunha antigüidade superior a 3 anos, con sede social na provincia da Coruña, independentemente da súa actividade principal e do seu sector empresarial.
- **Premio Aje Junior 2010:** emprendedor que constituía unha empresa hai polo menos 6 meses e non exceda os 3 anos, en calquera das súas formas xurídicas e que esta teña sede social na provincia da Coruña, independentemente da súa actividade principal e do seu sector empresarial.
- **Accésit:** emprendedor que constituía unha empresa hai polo menos 6 meses, en calquera das súas formas xurídicas e que esta teña sede social na provincia da Coruña, independentemente da súa actividade principal e do seu sector empresarial.

### **SEGUNDA: Premios**

Os premios teñen **carácter honorífico**. Farase entrega dunha figura no acto solemne que se convoque para o efecto.

Ademais, o gañador da categoría **Premio Novo Empresario 2010** recibirá un premio cuxa dotación establecerase mediante convocatoria pública na Web da asociación.

Así mesmo, o gañador da categoría **Premio Aje Junior 2010** recibirá un premio cuxa dotación establecerase mediante convocatoria pública na Web da asociación .

Os gañadores de cada un dos **accésit** recibirán un premio cuxa dotación establecerase mediante convocatoria pública na Web da asociación.

AJE A Coruña **cederá a imaxe do Premio Novo Empresario** durante a súa vixencia.

### **TERCEIRA: Periodicidade**

Os premios terán periodicidade anual e non poderán declararse desertos.

### **CUARTA: Xurado**

O xurado que determinará a concesión dos premios estará integrado por representantes das seguintes institucións, entre outras:

Asociación Marineda de Novos Empresarios (AJE A Coruña)  
Confederación de Empresarios de Galicia (CEG)  
Confederación de Asociacións de Novos Empresarios de España (AJE Confederación)  
Concello da Coruña  
Xunta de Galicia  
Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE)  
Cámara de Comercio da Coruña  
Universidade da Coruña  
Ite Caixa Galicia

As decisións do xurado serán inapelables e adoptaranse por maioría simple. En caso de empate decidirá o voto de calidade o Presidente do xurado.

O fallo darase a coñecer o día 2 de decembro de 2010, no lugar de celebración anteriormente referenciado.

### **QUINTA: Criterios de avaliación**

O xurado conta con total liberdade de criterio para a concesión dos premios e terá en conta os seguintes indicadores:

- **Premio Novo Empresario 2010**
  - Creación de emprego estable.
  - Evolución dos beneficios da empresa.
  - Volume do investimento realizado.
  - Carácter innovador do proxecto.
  - Grao de proxección nacional e internacional.

- Boas prácticas na xestión empresarial.
- Grao de implicación no asociacionismo empresarial.
- Respeto polo Medio Ambiente

- **Premio AJE Junior 2010**

- Grao de definición do produto ou servizo
- Innovación que supón o produto ou servizo
- Proxectos enmarcados en sectores emerxentes
- Perfil dos promotores
- Orixinalidade
- Respeto polo Medio Ambiente

- **Accésit á innovación**

Valorarase a creatividade. Ideas innovadoras ou procesos de investigación ou desenvolvemento que fose posto en marcha durante 2010. Recoñecer as accións novidasas xa sexa, en tecnoloxía, produtos e servizos ou procesos de investigación que supoñan unha mellora na competitividade empresarial ou na sociedade en xeral.

- **Accésit á creación de emprego**

Valorarase a creación de postos de traballo en relación ao tamaño e tipoloxía da empresa. Tendo en conta a estabilidade e continuidade nos postos de traballo ou a inserción laboral daqueles colectivos máis desfavorecidos.

- **Accésit á internacionalización**

Valorarase a expansión de produtos e servizos en mercados internacionais. Impulsar a diversificación tanto xeográfica coma funcional. Asignar recursos financeiros e humanos apostando por unha estratexia claramente internacional.

## **SEXTA: Presentación de candidaturas**

As candidaturas poderán presentarse na sede de AJE A Coruña, Parque San Diego s/n. Centro Cívico Municipal San Diego, 3ª planta. 15006 A Coruña, ou ben enviaranse por correo certificado ao mesmo enderezo.

Os participantes deberán entregar a documentación que integre a candidatura en pendrive ou CD .

Data límite de recepción de solicitudes: 19 de novembro ás 14:00 h.

As candidaturas presentadas deberanse axustar en modo, tempo e forma ao exposto nas bases dos premios e estar debidamente documentadas e razoadas, cos datos e información que se consideren oportunos, para fortalecer as propostas e ser suficientes para que o xurado poida analizalas en profundidade.

Todas as candidaturas deberán conter:

Documentación obrigatoria:

- a) Solicitude de candidatura, asinada e selada.
- b) Memoria da empresa.
- c) Declaración xurada de veracidade de datos, tal e como figura no ANEXO.

A presentación desta declaración non exclúe as posteriores comprobacións de documentos acreditativos que puidese levar a cabo o comité organizador para a verificación dos datos.

- d) Fotocopia do Documento Nacional de Identidade ou documento acreditativo da idade dos socios da empresa candidata.
- e) Logotipo da empresa en formato jpg ou similar (remitir mediante correo electrónico a [ajemarineda@ajemarineda.com](mailto:ajemarineda@ajemarineda.com)).

Documentación optativa:

- a) Calquera tipo de certificación da empresa (calidade, protección de datos, prevención de riscos laborais, premios, distincións, etc). Escanearase o documento orixinal e incorporarase no soporte cd ou pen-drive o cal recolle toda a información.
- b) Folletos ou dossieres publicitarios, anuncios, mencións e aparicións en prensa, etc. Tamén se poderá incluír como documento anexo unha presentación da empresa. Toda esta información aportarase en soporte dixital e incorporarase no cd ou pen-drive de presentación.

### **SÉTIMA: Protección de datos.**

De conformidade co disposto na Lei orgánica de protección de datos de carácter persoal 15/99, a Asociación Marineda de Novos Empresarios procede a comunicarlle que os datos recollidos na Inscripción do "XI PREMIO AMJE EMPRENDE 2010" serán incorporados a un ficheiro, denominado "Premio A.M.J.E emprende", inscrito no Rexistro da Axencia Española de Protección de Datos do que é responsable a Asociación Marineda de Novos Empresarios.

Unha vez que os datos se obteñen co consentimento expreso do interesado serán utilizados única e exclusivamente para o bo fin do presente "XI PREMIO AMJE EMPRENDE 2010"

Coa aceptación das presentes bases vostede consente o tratamento dos datos recollidos na inscrición coa finalidade mencionada e autoriza expresamente á Asociación Marineda de Novos Empresarios para

comunicar estes datos a terceiras entidades. A comunicación farase coa única finalidade de poder levar a cabo a organización do "XI PREMIO AMJE EMPRENDE 2010" Os posibles destinatarios serán todas aquelas entidades que poidan formar parte da organización do citado premio.

Pode exercer os dereitos de acceso, oposición rectificación e cancelación nos termos previstos pola Lei orgánica 15/1999 de Protección de Datos de Carácter Persoal mediante carta e achegando a fotocopia do DNI ao seguinte enderezo: Dpto. Protección de Datos, Parque de San Diego s/n. Centro Cívico Municipal. 15006 A Coruña.

### **OITAVA: Aceptación.**

A concorrencia nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

## Declaración xurada

D./Dña. \_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_, en representación da entidade \_\_\_\_\_.

### **DECLARO BAIXO XURAMENTO:**

Que todos e cada un dos datos contidos na memoria da empresa presentada á Asociación Marineda de Jóvenes Empresarios son verídicos, salvo erro u omisión.

Que son coñecedor das bases do XI PREMIO AMJE EMPRENDE 2010 e as acepto.

Esta declaración realízase para os efectos de participar no XI Premio AMJE Emprende 2010.

\_\_\_\_\_, \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2010

Fdo.



## SOLICITUDE DE PRESENTACIÓN DE CANDIDATURA

Tanto a información contida nesta solicitude como a documentación que sexa achegada pola empresa, terán un tratamento estritamente confidencial, e será utilizada exclusivamente para a análise da súa candidatura.

**CATEGORÍA:** (sinale a que proceda)

**Premio Novo Empresario 2010**

**Premio AJE Junior 2010**

NOME DA EMPRESA: \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

CIF/NIF: \_\_\_\_\_

PERSOA DE CONTACTO: \_\_\_\_\_

ENDEREZO: \_\_\_\_\_

TELÉFONO: \_\_\_\_\_ FAX: \_\_\_\_\_

ECORREO: \_\_\_\_\_ WEB: \_\_\_\_\_

Data, firma e selo da empresa

## MEMORIA DESCRIPTIVA

### CATEGORÍA PREMIO NOVO EMPRESARIO 2010/ PREMIO AJE JUNIOR 2010

- Nome da Empresa.
- Misión e visión.
- Currículo dos promotores.
- Descrición do produto ou servizo.
- Breve descrición do sector e do ámbito territorial no que opera.
- Plan de comercialización: estratexia de vendas, publicidade, outros.
- Plan de recursos humanos: nº de traballadores e tipos de contratos, previsión de creación de empregos e perfil de candidato/s, plan de formación, outros.
- Plan económico-financeiro: conta de resultados, plan de investimentos e plan de financiamento a tres anos.
- Innovación.
- Fotocopia da declaración do Imposto de Sociedades/ Actividades económicas para a efectos de acreditar a antigüidade desta.
- Certificado de estar ao corrente das súas obrigacións fiscais e coa Seguridade Social.